



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE XANEIRO DE 2016**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día dezaioito de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 4 e 11 de xaneiro de 2016**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 4 e 11 de xaneiro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Orde do 7 de xaneiro de 2016, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se fan públicos os anexos da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVita: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual. (Diario Oficial de Galicia número 9, do 15 de xaneiro de 2016).

- Resolución de 11 de xaneiro de 2016, da Dirección Xeral do Tesouro, Ministerio de Economía e Competitividade, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 31 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 11, do 13 de xaneiro de 2016).

- Anuncio do Concello de Cambre, respecto da modificación da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar. (Boletín Oficial da Provincia número 7, do 13 de xaneiro de 2016).

- Resolución do 29 de decembro de 2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se modifica o anexo da Resolución do 30 de xullo de

2015 pola que se dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de marzo de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B). Figura o Concello de Cambre, coa finalidade “renovación de firme nas rúas Daimler e Bell” cunha contía de axuda por importe de 120.000 euros. (Diario Oficial de Galicia número 6, do 12 de xaneiro de 2016).

**3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 8 ao 14 de xaneiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 7/2016 e remata coa resolución da Alcaldía número 24/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
7/2016	08/01/2016	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de xaneiro de 2016
8/2016	11/01/2016	Denegar a axuda económica de emerxencia social destinada ao pago dun recibo de aluguer correspondente ao mes de agosto de 2015 por constar no contrato de aluguer a existencia de fiadores solidarios do inquilino ou arrendatario. Solicitante: BPG
9/2016	11/01/2016	Denegar a axuda económica de emerxencia social destinada ao pago dun recibo de aluguer correspondente ao mes de agosto de 2015 por constar no contrato de aluguer a existencia de fiadores solidarios do inquilino ou arrendatario. Solicitante: LMHS
10/2016	11/01/2016	Denegar a axuda económica de emerxencia social destinada ao pago dun recibo de aluguer correspondente ao mes de agosto de 2015 por ocultar datos relativos ao expediente, de acordo ao artigo 22 da ordenanza reguladora. Solicitante: CVM
11/2016	11/01/2016	Denegar a axuda económica de emerxencia social solicitada, destinada a alimentación básica e hixiene persoal por non destinar a axuda para a finalidade para a que foi concedida, de acordo aos artigos 6 e 23.6 da Ordenanza reguladora. Solicitante: GIR
12/2016	11/01/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DR 3397 A12
13/2016	11/01/2016	Expediente de disciplina urbanística 2015/I002/000207
14/2016	11/01/2016	Expediente sancionador 2015/I001/000050
15/2016	11/01/2016	Recurso reposición responsabilidade patrimonial. EXP.2015/P001/000003
16/2016	13/01/2016	Aprobar as liquidacións do prezo público polo servizo de axuda



		no fogar do mes de outubro de 2015 por importe total de 7048,53 euros,
17/2016	13/01/2016	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo gas por importe de 25,11 euros. Solicitante: MGMG
18/2016	13/01/2016	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo luz por importe de 70,20 euros e recibo de aluguer por importe de 350 euros. Solicitante GM
19/2016	13/01/2016	Arquivo de actuacións na reclamación por danos producidos nunha farola de iluminación pública situada na rúa paseo Marítimo, á altura do nº 30 O Temple. Expediente: 26/2013 responsabilidade patrimonial
20/2016	13/01/2016	Desestimar o recurso de reposición presentado por CCOO, contra a Resolución nº 1928/2015, do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Sanidade
21/2016	13/01/2016	Desestimar o recurso de reposición presentado por CIG, contra a Resolución nº 1928/2015, do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Sanidade
22/2016	13/01/2016	Desestimar o recurso de reposición presentado polo PP, contra a Resolución número 1928/2015 do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Sanidade
23/2016	13/01/2016	Aprobar as accións de fomento do emprego e solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga
24/2016	14/01/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P3410)

#### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

##### **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Adefeco, Asociación de Danos Cerebrais da Coruña, solicitou unha subvención por importe de 1.800 euros. É unha asociación que presta servizos a veciños de Cambre que non poden pagar esas terapias, polo que se lle concederá a subvención solicitada.
- Estivo xunto cun técnico da Deputación provincial da Coruña para ver os problemas na estrada Cambre-O Temple, no tramo de Molduras do Noroeste, onde teñen lugar múltiples accidentes de tráfico. Adoptáranse as seguintes medidas: limitar a velocidade a 40, desengraxar e facer un microfresado.
- Mantivo unha reunión cos artesáns de Artificio. Faranse cargo do 50% do vindeiro evento.
- Xunto co concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente, estivo presente nunha reunión co xefe de Costas, quen lles expuxo o proxecto da dragaxe da ría do Burgo.
- Estivo na confraría de pescadores e mariscadores do Burgo e asinarán as súas alegacións, xunto co resto dos concellos.



- Estivo en Peiraio, vendo como as empresas que están a realizar os traballos da rede de sumidoiros deixaron as estradas. Constataron múltiples deficiencias e se lles apercibirá que en situacións semellantes non volverán a traballar.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente**

Don Juan A. González Leirós dá conta do seguinte asunto:

- O martes, día 12 de xaneiro, estivo nunha mesa da EDAR de Bens, onde se realizou unha proposta para a aplicación de taxas. Esta consiste en aplicar unha cota fixa mensual de 0,50 euros/mes, é dicir, 1,5 cada tres/meses e por tanto por recibo. Por outra banda, realizáronse propostas con cota fixa tal e como está e cota variable. Discutiuse a proposta presentada e acordouse convocar outra reunión para adoptar unha postura definitiva e común.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta do seguinte asunto:

- Asistiu á lectura dramatizada de fragmentos da novela “A través do espello”, de Lewis Carrol, que tivo lugar na Fundación Wenceslao Fernández Flórez o pasado sábado día 16, ás 19,00 horas.

### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O día sábado 23 está prevista a apertura da piscina municipal da Barcala, no horario habitual. Os cursos de natación e as actividades dirixidas darán comezo o día 1 de febreiro.

- O venres día 22 terá lugar no Parque Acuático de Acea da Ma a fase local comarca As Mariñas de Campo a Través escolar, en horario de 10:30 a 12:30. O citado evento está organizado pola secretaría Xeral para o Deporte e polo Concello de Cambre. Preto de 500 alumnos veciños de Cambre participarán na carreira, pertencentes aos seguintes centros educativos: IES David buján, CEIP Porto Faro, CEIP Gonzalo Torrente Ballester e CEIP Emilio González López.

- O luns 18 dou comezo o prazo de inscrición para a viaxe á neve 2016, ata o luns 25. A viaxe realizarase do 7 ao 12 de febreiro con destino á estación de esquí de Candanchú, no Pirineo Aragonés. O número de prazas é de 45 e como destinatarios os mozos de 14 a 30/35 anos.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 12 a concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico e a funcionaria Sonia Machin da A.D.L. mantiveron unha reunión coa empresa BTV de enerxías renovables no municipio de Sada para recoller o convenio de colaboración para poder solicitar no Plan AFD/Xunta o curso “Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas”.



- Ese mesmo día recolleuse o acordo de colaboración asinado coa xestoría Casas situada no termo municipal de Cambre para poder solicitar a través do Plan AFD/Xunta o curso da especialidade “xestión administrativo e recursos humanos”.

- O día 13 no salón de actos do Concello de Cambre mantivemos unha reunión cos artesáns de Cambre participantes no evento “ARTIFICIOS “, o Sr. alcalde Óscar García Patiño, a concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico e a funcionaria Carmen Pita, co fin de tratar a data do novo evento e novas suxestións cara a introducir novas melloras.

- O día 15 mantivo unha reunión na que asistieron o alcalde, a concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico e a funcionaria Sonia de ADL para falar sobre a posibilidade e a necesidade de solicitar os Obradoiros de Emprego conxuntamente co Concello de Sada co fin de ter máis posibilidades de que outorguen a subvención. En concreto serían dous proxectos un para mozos “Novas tecnoloxías Cambre-Sada” e outro enmarcado na rama sociosanitaria”Cambre-Sada Atención sociosanitaria II”.

- O día 15 no despacho do alcalde mantivo unha reunión na que asistieron o alcalde, a funcionaria Ana Monje, o interventor, a concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico e a tesoureira dona M<sup>a</sup> Jesús Bermúdez Sánchez da Asociación ARELA para comentar os problemas da piscina municipal; no vestiario, e duchas, e a necesidade de poñer unha grúa para persoas con escasa mobilidade e tamén se falou do convenio 2014/2015.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia